



# LOCALIZACIÓN XEGRÁFICA



Covelo está localizado no extremo meridional da Dorsal Galega, sistema montañoso centro-occidental que se estende de norte a sur do país e que se escora a ponente a partir das comarcas do Deza e Taberón-Terra de Montes.

Constitúe unha área de media montaña a escasos 30 km. da costa, que vai recibir a influencia directa das frontes atmosféricas que vienen do océano e se desprazan cara ao interior seguindo os perfís marcados pola Ría de Vigo.

A superficie do concello está conformada entre o Coto de Eiras, a Serra do Suido, Serra do Faro de Avión, os montes da Paradanta e val do Tea, dando lugar a un relevo de contrastes altitudinais e á formación dunha complexa rede hidrográfica.



Sen deixar o municipio podemos pasar dos 100 m. de altitude nas veigas de Casteláns até os máis de 1.100 m alá polo cumio de Faro de Avión.

Segundo unha traxectoria no sentido das agullas do reloxo desde o Suído no noroeste, até a Paradanta no sur, un semicírculo imaginario une as máximas altitudes do concello formadas polos cumios de Coto de Bidueiros, Coto Cormudos, Coto Miñotos, O Faro de Avión, Fontefría e Montouto. Estes picous, por riba dos 800-900 m, regalan panoramas que poñen aos nosos pés a foz da serría e do val, facilitando a interpretación das formas da paisaxe de toda a comarca.

#### O ESCENARIO FÍSICO: RELEVO, AGUA, CLIMA, PAISAXE

**A xeomorfoloxía**, isto é, as formas da terra, está definida polo ditado xeolóxico das serras e o posterior encaixamento do río Tea, resultando un relevo de considerábel irregularidade formado por bloques fallados, penechairas (superficie de aplanamento no alto), cumios, outeiros, abas, canóns, vales e valgadas.

Seguindo o mandato da força da gravidade e adaptándose a este accidentado sistema, as augas configuraram unha intrincada **rede hidrográfica** en forma de ríos e regatos que flúe desde as cimeiras até os vales. As augas desta curva serán vertidas, a través do Teo, no mesmo Río Miño, uns cantos quilómetros ao sur, á altura de Salvaterra.

A riqueza en nacentes, minas e cursos fluviais conforman unha cunca hidrográfica de pouca retención hidrálica e de pronto discorrer das augas, resultado da conxunción de aspectos básicos e secuenciais como:

- orientación xeofísica das pelas propias serras, que forman unha barreira orográfica de norte a sur, o primeiro obstáculo para as borrascas chegadas do Atlántico.
  - alta pluviometría media anual, maior de 4.500 mm., debido ao ascenso altitudinal desas nubes e a consecuente precipitación.
  - a orografía, que potencialmente daría lugar:
    - a solos de escasa espesor e textura arenosa
    - a suelos con elevada actividad microbiana
    - accentuada escorrentía e percolación (fluxo na superficie e na vertical do solo respectivamente)

A microtopografía, as formacións vexetais e mais a acción humana, fai que a regra xeral teña múltiples excepcións e escenarios, onde é posible a formación de solos más ricos, desenvolvidos e con maior capacidade de retención hidrática.

**O clima** xeral da comarca está determinado primeiramente pola posición latitudinal de Galicia no planeta. En segundo lugar, a interacción conxunta dos aspectos antes sinalados -xeografía e topografía- vai moldear e xerar pequenas variacións locais segundo a situación.

É de tipo **oceánico-húmedo** con marcada tendencia á aridez estival, temperaturas medias anuais suaves, chuvias abundosas no outono-inverno, veráns de pouca precipitación e de considerable calor e seca relativa.


## A TERRA FALA: TOPONIMIA E ECOXEOGRAFÍA


O ser humano habitou a terra e deulle nome ao que via; aos

rios, aos cotos, ás valgadas, aos penedos, aos bosques... A toponímia é unha disciplina da lingüística que estuda os nomes dos lugares (topónimos) e que en Galicia está intimamente asociada á ecoxeografía, ás características do medio e ao que facer cotián dos poboadores na contorna.

En Covela a topónimia acada unha beleza que se antolla de forte contido naturista e animista, no senso de que calquera recuncho, accidente topográfico, monte, valgada ou regueiro ten unha denominación que fala da ecoloxía e xeografía do lugar.

Velaquí alguns exemplos da microtoponimia local que apelan a varios dos aspectos tratados nesta exposição:





# A DOMESTICACIÓN DA AUGA



SERRADEIRO DOS CARRANOS



## Pero... de onde vén tanta auga?

O efecto conxunto das abondosas precipitacións anuais, o relevo fracturado e o contraste de altitudes conformaron esta complexa rede de cursos (regueiros, regatos, ríos) que van confluindo e sumando caudais por toda a superficie da cunca.

## A forza da auga

A lo largo dos séculos o ser humano sempre tratou de "domesticar" a auga canalizando o seu fluir para sacarlle o máximo partido. O poder da auga dixería do seu fluxo de grande potencial enérxético, para o cal se deseñaron e construíron artefactos e instalacións que a conducían e a transformaban en **enerxía motriz**, por exemplo, con **muíños** e con **serradeiros**.

Son estes dous bons exemplos de enxeñería hidráulica tradicional que, valéndose dunha enerxía renovábel e limpia, non alteradora do ambiente, foi quen de desenvolver sistemas de procesamento das materias primas do agro (cereais - muíños) e do monte (árbores - serradeiro) do propio lugar.

**Os muíños** están intimamente ligados á actividade agrícola, xa que foron construídos para transformar o gran das colleitas de centeo, millo, miudo e trigo en fariña.

En tempos, nas parroquias de Covelo chegaron a funcionar máis de 50 muíños estrateticamente construídos naquelas zonas do relevo onde maior potencia se podía sacar da auga, movida pola forza da gravidade e conducida polas **levadas** ata o mesmo pozo do inferno onde xira o rodicio que move a moa.



Muiño de Fraga de San Pedro



Muiño San Salvador de Prado

O **serradeiro dos Carranos** funciona basicamente co mesmo esquema dun muíño, coa diferenza de que a auga do regato dos Vixiáns (aquí chamado dos Carros) vai mover unha grande roda, a noria, disposta na vertical do fluxo da auga.

Esta é conducida por unha levada que entra por riba do edificio até que cae sobre as pas da noria facéndoa xirar. O movemento é transmitido ás serras do obradoiro mediante un complexo sistema de rodas e cintas de transmisión.

## As pozas de rega

Durante o verán cumpría emendar a seca mediante sistemas de depósito – puzas na fala local - e distribución da auga aos campos de cultivo.

Da importancia da auga para o agro dá conta a lembranza das frecuentes disputas entre barrios polo dereito ao rego, o cal ocasionaba algúin que outro litixio veciñal, como no caso do Pazo de Piñeiro, creado nunha valgada no sur do Suído mediante un muro que represa a auga do río de Piñeiro.

Ten aspecto de pequeno lago de montaña nunha penedía con mato e sanguieiros nas beiras, aínda que antano disque estaba inzado de amieiros, bidueiros, cerquiños e acívros. Orixinalmente fora construído un máis pequeno (Pazo Vello) para distribuir a auga polas agras da parte baixa da parroquia.

## Do bosque ao serradeiro

Esta peculiar instalación foi construída polo avó de Joaquín Vales, o propietario actual, a principios do século XX (1.922), aproveitando un muíño preexistente. Estivo en funcionamento até ben entrados os anos 1990.

Nos Carranos fabricaban táboas e pezas de madeira para a propia carpintería, onde logo construían carros (o que lle deu nome ao lugar e á familia), apeiros de labranza (arados, angazos, paus...), estruturas para a casa (vigas), mesas, cadeiras e banquetas, xanelas, utensilios varios de uso doméstico, etc. Traballaban as árbores dos bosques do alto Tea, nomeadamente carballo, piñeiro do país e bidueiro, e outras segundo as características do obxecto a fabricar.

## Andar sobre as augas: pontes, pontellas e pasos

Como adaptación á intrincada rede hidrográfica tñíase que desenvolver, en consonancia, unha rede de infraestruturas de paso que comunicaban as diferentes parroquias entre si, pero tamén permitían (e permiten) o acceso aos diversos campos de cultivo, ás segades, a socalcos nas beiras do río, aos muíños, á serra, etc.




As vellas pontes son unha mostra da enxeñería tradicional de camiños a través dos ríos. Hoxe en día varias destas pontes xa non son utilizadas ao desapareceren os usos que as xustificaban, ou por se abandonaren os camiños ou porque foron construídas novas pontes que as fixeron innecesarias. Algunhas das que se manténen en pé presentan un estado de abandono que cómpre emendar para evitar o seu derrubamento.



Algunxs camiños históricos sobre calzadas empedradas discorrián por algunxs destas pontes, que salvaban ríos e daban acceso a viesgos máis transitables. No seu percorrido atravesaban lugares de alto valor ecolóxico e etnográfico.

O Camiño da Brea unía a reitoral de Barcia de Mera co mosteiro de Melón, desde as Costas do Alén e subindo a abeira sur do Suído, discorrián a través das parroquias de Barcia de Mera, Piñeiro, A Graña e Campo. Hoxe en día ainda se pode atopar algún tramo empeditado, nun estado de conservación preocupante e en risco de desaparición.


A Calzada do Alén discorría pola marxe dereita do río Alén e subía ata Fornelos, onde continuaba a Pontecaldelas. Na actualidade está cuberto de maleza, aínda que o estado de conservación da calzada é relativamente aceptábel en tramos.



RODAS E CINTAS DE TRANSMISIÓN



O serradeiro é unha verdadeira obra de enxeñería "sen sinatura do enxeñeiro superior", e representa o paradigma da utilización racional da之力 hidráulica de forma totalmente integrada no medio.



PONTE NOVA SOBRE O TEA



Xunto coas serras do Faro e A Paradanta, constitúe o extremo sur da Dorsal Galega. De xeoxía principalmente granítica, é serra de cimeiras suaves -penechais- e penedías, cun relevo que se fai irregular a medida que descende en altitude. O termo municipal de Covelo esténdese pola parte meridional da serra, desde os cotos da Graña e Bidueiros até as ladeiras de Piñeiro, Fofe e Campo.

O manexo gandeiro do medio ao longo dos séculos determinou a actual fisionomía e ecoloxía da zona. Para garantir os pastos na próxima tempada, practicábase a **cultura do lume**, isto é, queimas anuais do mato para evitar o desenvolvemento do bosque. Provocouse desta maneira un "parón" na sucesión ecolóxica cara á etapa clímax (a carballeira) nun estadio de mato permanente, formado por especies como as urces, os toxos e as xestas. Xa que logo, o aspecto de "serra pelada" (penedía e mato) obedece a unha constante intervención na paisaxe que se remonta ao Neolítico.



O gando cabalar e vacún era levado á serra na primavera-verán para alimentarse do pasto tenra da tempada, ante a falta de herba nas terras baixas, dedicadas daquela á agricultura.

O gando ceibo tamén esixía atención, entre outros, para co lobo, animal lendario inxustamente tratado pola cultura popular até os nosos días. Da necesidade de vixiar e termar do gando xurdiron unhas peculiares construcións directamente ligadas co pastoreo e a **etoxoxía** do lobo (hábitos e comportamentos), auténticas alfaias do patrimonio etnográfico galego de montaña:

- Os **chozos** son pequenas construcións de pedra para morada e refuxio dos pastores ao coidado do gando. Existen dous tipoloxías: unha de planta circular e teito en bóveda, e outra de planta cadrada, denominada *chora* a nivel local, con división interna e teito a dúas augas.

- Os **sesteiros**, **curralas** e **cortellos**, son grandes cercos de pedra construídos xeralmente no entorno do chozo, utilizados para xuntar e gardar o gando, de forma que ficaba protexido e baixo control do pastor.

A diferenza entre uns e outros estribas basicamente na súa localización: os *sesteiros* estaban ubicados en cotis e cumios descubertos, sen vexetación, onde o gando recibía as brisas frescas que renovan o aire, e así non era tan acostumbrado polas moscas nas horas de maior insolación.



- O **foxo do lobo** ou *forxa do lobo* é unha construción rústica desenada para capturar o lobo, formado por dous longos valados de pedra dispuestos nas marxes dunha valgada, aproveitando así a súa topografía en *funil*, que converxen nun foxo a onde se conducía o animal cando fuxía en batidas colectivas organizadas polos veciños do lugar.

A partir do século XIX iniciaise o uso de veleños como a estricmina e a proliferación das armas de fogo para exterminar o lobo, o que significou o fin da utilización dos foxos.



Daquela o pastoreo realizábase de forma comunal e os veciños de cada casa facían quendas de 1-2 días para coidar o gando, habitando os chozos mentres permanecían na serra. Este sistema de quendas denominábase **rolda**.

## "O lobo non come da carne que quer, senón da que houber"

Así fala da alimentación do pardella ou o Xan (denominacións populares) un dos moitos refráns que aludian ao lobo (*Canis lupus*) entre nós. A día de hoxe, as serras do Suído, Faro de Avión, Paradanta, Coto de Eiras e O Galleiro constitúen o hábitat territorial de varios grupos reproductores.

Os mitos culturais paneuropeos de satanización do lobo e a relación presa-depredador entre este e o gando, fixo que padecese unha mortal persecución que puxo a especie no beiril da extinción a mediados do século XX. Esta tendencia viuse retardada a raíz do exodo rural que, en certa medida, permitiu a recuperación das poboacións lobeiros. Na actualidade está catalogado como especie en risco menor pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza.

Dos sete foxos do lobo presentes en toda a comarca, dous están no municipio de Covelo: o **foxo de lobo de Portela das Travesas** no Suído e o **foxo de lobo de Moncelos** no macizo de Fontefría, do cal só restan vestixios.



Nunha sociedade contemporánea e desenvolvida, a presenza desta especie debe ser considerada como un patrimonio natural e cultural de primeira orde que címpre conservar. O lobo é unha especie máis do ecosistema montano que precisa dun territorio cos adecuados parámetros de calidade ecolóxica. Canto máis destruamos e modifiquemos o seu entorno, maior será a "invasión" e o conflito co noso "hábitat humano". Daquela, son precisas medidas educativas e preventivas co obxecto de reducir a conflitividade entre a gandería e o lobo.



## As turbeiras

Son formacións vexetais que se desenvolven no alto da serra en depresións de escasa drenaxe, dando lugar a enchouamentos nos que medran como especie dominante musgos do xénero *Sphagnum*, xunto coa carnívora "comemoscas" (*Drosera rotundifolia*) e o xunc do algodón (*Eriophorum angustifolium*), con presenza de especies do mato nas beiras. As peculiares condicións de humidade e temperaturas baixas impiden a correcta degradación da materia orgánica, de tal maneira que se irá acumulando e formando substratos de turba que medran en volume e altura co paso do tempo.

Hoxe en día a súa presenza na serra está reducida a pequenas áreas por mor de inapropiadas prácticas de desecación levadas a cabo na segunda metade do século XX para converterlas en pasteiroas de cuestiónábel rendibilidade.

Á parte do valor botánico, posúen un valor ambiental extra de interese humano debido ao seu papel clave no ciclo da auga, por seren nestes lugares onde nacen os ríos e actuar como esponxas e filtros naturais que participan na regulación de estes cursos fluviais incipientes.

A pesar de todo, ainda se conservan hábitats naturais de grande valor ecolóxico e botánico como as **carballeiras montanas**, bosques caducifolios atlánticos distribuídos por riba dos 600-800 m. nos que domina o **carballo**, acompañado de especies como o **cerquiño** e o **bidueiro**, e arbustos como o **acivro** e o **arando**.

Daquela, a interacción home-medio na serra reflectese na paisaxe de penedía, mato e pasteiroas, e tamén nas construcións ligadas á actividade gandeira e ao lobo.



COMEMOSCAS: PLANTA CARNÍVORA DA SERRA





AMANITA  
MUSCARIA

Por **hábitat** enténdese o espazo físico e as condicións ambientais asociadas en que se desenvolve un ser vivo vexetal ou animal, segundo as súas capacidades biolóxicas e as súas necesidades ecolóxicas.

As distintas clases dun tipo de hábitat, sexa de bosque, de mato, de medios acuáticos, etc., están relacionadas coas diferenzas na especie dominante e na relación de especies acompañantes (*elenco florístico*); tamén, en boa medida, responde a diferenzas dos factores físicos xa coñecidos: clima, altitude, topografía, solos, augas, nutrientes...

A maioría das especies aquí presentes pertencen ao dominio atlántico da **rexión bioxeográfica Eurosiberiana**, pero a proximidade da **rexión bioxeográfica Mediterránea** (no oriente das terras de Ourense) permite que nos vales fluviais se establezan algunas desas especies, como a sobreira e o érbedo, por exemplo, o que enriquece a biodiversidade local.

Segundo un esquema ideal de colonización vexetal e a súa evolución no espazo e no tempo (**a sucesión ecolólica**) a etapa clímax potencial está representada pola carballeira, como acontece en case toda Galicia.

As **formacións vexetais** aparecen segundo dous eixos fundamentais da paisaxe, o río-serra e as zonas de transición, configurando un mosaico de ecosistemas dunha considerábel biodiversidade. A grandes trazos, pódese dicir que as zonas de vexetación estarían formadas por **bosque, mato e agras**.

# AS CLASES DE BOSQUE

## Carballeira colina ou termófila

Composta polo **carballo** (*Quercus robur*) como especie arbórea dominante con sotobosque de **loureiro** (*Laurus nobilis*), **estirpeiros** (*Pyrus pyraster*, *Crataegus monogyna*), **fentas** (*Dryopteris sp.*, *Polystichum sp.*), **hedra** (*Hedera helix*), **chuchamel** (*Lonicera peryclimenum*) e **xilbarbeira** (*Ruscus aculeatus*).

Aparecen árees deste bosque nas abas do val do Alén e do Caraño é carballeira termófila (carballo e loureiro)

CARBALLEIRA COLINA OU TERMÓFILA



CARBALLEIRA MONTANA OU EUROSIBERIANA (ACIVRO)



BIDUEIRAL



BOSQUE DE RIBEIRA

## Bidueiral

Formado por **bidueiros** (*Betula alba*), representa un estadio de transición entre as matogueiras de **piorno** (*Genista florida*), de **xesta** (*Cytisus scoparius*, *C. striatus*) ou de **uz/urce** (*Erica arborea*), e as carballeiras montanas climáticas. Tamén aparece mesturado con **salgueiro** (*Salix atrocinerea*) ou mesmo con **acivro** (*Ilex aquifolium*).

Os bidueirais aparecen en zonas más altas e cerca de cursos de auga, como en Salcedo na Graña, onde existe unha formación relativamente densa desta especie.

## Bosque de ribeira

Constituído por especies de querencia hídrica que medran nas ribeiras fluviais, como o **amieiro** (*Alnus glutinosa*), o **freixo** (*Fraxinus angustifolia*), a **abeleira** (*Corylus avellana*) e o **salgueiro** (*Salix salviifolia*, *S. atrocinerea*), acompañadas nos estratos baixos polas **fentas** (*Dryopteris sp.*, *Polystichum sp.*, *Osmunda regalis*) e a herbácea *Luzula sylvatica*.

## Sobreiral / sobral

Composto exclusivamente pola **sobreira** (*Quercus suber*) como especie arbórea. Fican algúns pés illados e algunha que outra agrupación en lugares moi específicos, case sempre orientados ao sur-suroeste onde reciben maior radiación solar.



# ONDE HABITAN OS SERES VIVOS?

## Cultivos forestais de piñeiro e eucalipto

Non son bosques naturais. Lévan consigo dada diminución da biodiversidade no entorno, e con frecuencia mesmo lévan asociados certo impacto ambiental no ecosistema.

É salientábel a repoboación do macizo de Fontefría, compostos fundamentalmente por **piñeiro bravo** (*Pinus sylvestris*) e **piñeiro do país** (*Pinus pinaster*). A vexetación acompañante correspondece con aquela das matogueiras sobre as que se fixeron estas repoboacións a mediados do século XX. O piñeiro bravo é unha especie de latitudes norticas, que en Galicia se adapta ben en zonas altas de montaña.

A vista de paxaro, o bosque esténdese en xeral sobre boa parte da superficie do concello, sendo as ribeiras dos ríos Tea, Alén, Carao e Xabriña os reservorios ecológicos e núcleos difusores do bosque caducifolio. Desde a beira do río empeza como bosque fluvial de amieiros, salgueiros e abeleiras. Iadeira arriba pasa a ser carballeira. Tamén se observan castiñeiro en zonas do sur e suroeste do concello, ainda que non hai unha formación suficientemente densa para considerala como soto.

Nos últimos anos observase certa recuperación da superficie de bosque autóctono. Ao non se traballar a terra a sucesión ecológica recupera o seu curso e dá paso á regeneración boscosa. Exemplos disto observanse nas agras abandonadas, nomeadamente en Barcia de Mera, Piñeiro, Fole, A Graña, Prado e Godóns.



Por entre os distintos bosques moran e móvense diversas especies de distintos grupos faunísticos, sendo estas algunas das especies más senlleiras:

**Gato montés** (*Felis silvestris*)  
**Corzo** (*Capreolus capreolus*)  
**Porco bravo ou xabarín** (*Sus scrofa*)  
**Marta** (*Martes martes*)  
**Teixugo** (*Meles meles*)  
**Papuxa das amoras** (*Sylvia atricapilla*)  
**Bufo real** (*Bubo bubo*)  
**Azor** (*Accipiter gentilis*)

**Gabián** (*Accipiter nisus*)  
**Bicotorto** (*Loxia curvirostra*)  
**Saramaganta** (*Chioglossa lusitanica*)  
**O gaio** (*Garrulus glandarius*)  
**Ra patilonga** (*Rana iberica*)  
**Lagarto das silvas** (*Lacerta schreiberi*)  
**Vacaloura**  
**Chinche asasiña** (*Rhynocoris iracundus*)



# O MATO, O AGRO



## O MATO

Estas formacións vexetais están normalmente compostas por dúas ou más destas especies arbustivas:

**Toxo:** *Ulex europaeus*, *Ulex galii*, *Ulex minor*.

**Uz/urce:** *Erica arborea*, *Erica australis*, *Erica umbellata*, *Erica cinerea*, *Erica ciliaris*, *Erica tetralix*, *Calluna vulgaris*, *Daboecia cantabrica*.

**Xestas:** *Cytisus scoparius*, *Cytisus striatus*, *Cytisus multiflorus*.

**Codeso:** *Adenocarpus complicatus*.

**Piorno:** *Genista florida*, *Genista berberidea*, *Genista triacanthos*.

**Carpaza:** *Cistus psilosepalus*, *Cistus salvifolius*, *Halimium alyssoides*.

**Carqueixa**

Entón, segundo a dominancia-combinación de especies temos **toxeira**, **uceira**, **uceira higrófila**, **xesteira** e **piornal**.

O mato espállase por amplias superficies do concello, sobre todo na parte alta das parroquias. Trátase de formacións vexetais arbustivas que xorden como fases de substitución de distintos tipos de bosque, normalmente por alteración ou destrucción destes.



A importancia deste tipo de hábitats radica en que acolle animais de espazos abertos, entre os que salientan mamíferos como o **lobo** (*Canis lupus*), a **algaría** (*Genetta genetta*), a **lebre** (*Lepus granatensis*), o **corzo** (*Capreolus capreolus*), o **xabarín** (*Sus scrofa*) e o **raposo** (*Vulpes culpes*); aves como a **poupa** (*Upupa epops*), a **papuxa montesa** (*Sylvia undata*), **avenoiteira** (*Caprimulgus europaeus*), **perdiz vermella** (*Alectoris rufa*), o **merlo rubio** (*Monticola saxatilis*), a **aguia albella** (*Circaetus gallicus*), o **lagarteiro** (*Falco tinnunculus*), o **bufo real** (*Bubo bubo*).

Tamén se observan réptiles, como o **lagarto arnal** (*Timon lepidus*), a **lagarta dos penedos** (*Podarcis hispanica*), a **víbora de Seoane** (*Vipera seoanei*) e moitas outras especies.

Tamén alberga varia especies de anfibios, entre os que destacan o **sapiño comadrón** (*Alytes obstetricans*), o **sapo común** (*Bufo bufo*), o **sapo corriqueiro** (*Bufo calamita*) ou a **ra patilonga** (*Rana iberica*).



# O AGRO

A agricultura estableceuse sobre as terras que antano ocupaba o bosque, que foron roturadas e transformadas en zonas de cultivo, enriquecendo o solo mediante as diversas prácticas de laboreo e de estercado. Loxicamente hai diferenzas bioclimáticas entre as zonas altas e as zonas baixas do concello, entre a veiga e a ladeira, entre prado e horta... debido ás limitacións en auga, radiación solar, nutrientes, espesor do solo, etc. Cando a pendente é moi acusada, modifícase construíndo socalcos que permitan o cultivo.

## Principais cultivos:

-Os relacionados coa colleita do gran para fariña: centeo, trigo, miúdo e millo.

- **Prados/segades:** cultivo de distintas especies herbáceas para a alimentación do gando.
- **A horta familiar:** col, repolo, verza, faba, cebola, leituga, ervella, cabazas, tomates, pataca, feixón, feixón verde, etc.
- **O pomar:** maceiras, pereiras, ameixeiras, pexegueiros, cerdeiras...

Por seren solos de aluvión no fondo do val do Tea, a agricultura era máis importante nas leiras e campos de Barcia de Mera e Castelán. As carballeiras do Alén, por exemplo, foron terras cultivadas hai decenios, até que sobreveu o éxodo do rural.

O **toxo** era apañado e levado en carros ás cortes para con este **estrume** facer a cama do gando, producindo así un rico fertilizante froito da mestura da ramallada coas feces e ouriños do animal (alta concentración de nitróxeno). Figurativamente, o estercado o que facía era trasladar a fertilidade natural do monte ás terras de cultivo, compensando así as carencias do solo.



# O RÍO TEA: LIC DA REDE NATURA 2000



Na parte máis alta do río, próximo á serra, existen pequenos bosquetes de bidueiro. No val, á altura das parroquias de Casteláns e Barcia de Mera, a carballeira é de tipo colina, con presenza entre outras, de loureiro, xiñarbeira e hedra.

A Rede NATURA 2000 é unha rede de espazos naturais da Unión Europea (UE) que posúen as mellores representacións dos hábitats e especies (fauna e flora) do seu territorio, e que son de interese no conxunto da UE. Xurdiu a raíz da Directiva Aves (79/409 CEE) e da Directiva Hábitats (92/43 CEE) co fin artellar medidas políticas de conservación e protección dos mesmos.

Na cunca do Tea conflúen moitos dos elementos naturais mostrados nesta exposición (os hábitats, as especies e o patrimonio etnográfico asociado), de aí que fose declarado **Lugar de Importancia Comunitaria (LIC)** e como tal, integrante da Rede NATURA 2000.

A consideración de tal figura de protección débese principalmente á presenza do bosque de ribeira, xa sinalado, que alberga especies vexetais e animais representativas deste hábitat e, mesmo, de **ende-mismos** ibéricos e galegos (especie animal ou vexetal cuxa distribución bioxeográfica se atopa limitada a un ámbito reducido). Algunhas das especies aquí presentes están incluídas no **Catálogo Galego de Especies Ameazadas**, baixo o epígrafe de estado vulnerábel, o que incrementa o valor e a necesidade de conservar este ecosistema.



MUSEALIZACIÓN:  
VAN DIVULGACIÓN CULTURAL

COLABORADORES:  
ÁNGEL J. GONZÁLEZ OUTEREO, JOSÉ FERNANDEZ  
PRENDES, DANIEL CARA GIL



## ALGÚNS DATOS BÁSICOS DE INTERESE

**Superficie:** 357 Ha.

**Altitude media:** 86 m

**Rexión bioclimática:** Atlántica.

**Concellos:** Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño.

### Hábitats principais

- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).
- Carballeras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
- Uceiras secas europeas.
- Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.

### Flora

Salgueiro das brañas (*Salix salvifolia* subsp. *australis*).

Amarelle (*Narcissus cyclamineus*).

Fentos: *Dryopteris aemula*, *Dryopteris guanchica*, *Hymenophyllum tunbrigense*, *Vandenboschia speciosa*, *Woodwardia radicans*.

### Fauna

Aguaneira (*Galemys pyrenaicus*)

Lontra (*Lutra lutra*)

Gabián (*Accipiter nisus*)

Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*)

Ouriolo (*Oriolus oriolus*)

Andoriña brava (*Riparia riparia*)

Lamprea (*Petromyzon marinus*)

Salmón (*Salmo salar*)

Salamántiga (*Chioglossa lusitanica*)

Libélula (*Gomphus graslini*)

Libélula (*Macromia splendens*)

Libélula (*Oxygastra curtisii*)

Vacaloura (*Lucanus cervus*)

## OUTROS HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO

Por terras do Suído existen outros hábitats catalogados de interese comunitario en virtude da Directiva Hábitats, ademais dos referidos no LIC Río Tea:

- **Rochedos silíceos do Sedo-Sclerathion ou do Sedo albi - Veronicion dillenii**, en penedias das serras do Suído e do Faro de Avión.
- **Formacións herbosas de Nardus** con numerosas especies sobre substratos silíceos de zonas montañosas (hábitat prioritario), principalmente na Serra do Suído, Faro de Avión e Fontefría
- **Estanques temporais mediterráneos** (hábitat prioritario), principalmente na Serra do Suído, Faro de Avión e Fontefría.
- **Uzais húmidos atlánticos meridionais**, moi espallado e predominando na Serra do Suído, Faro de Avión, Fontefría e Paradanta.
- **Turbeiras altas activas** (hábitat prioritario), localizadas sobre todo na Serra do Suído, Faro de Avión e Fontefría.

## OPCIONES DE DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL

Son varias as medidas de actuación que cómpren para establecer unha estratexia que garanta e conxugue o respecto á natureza e o benestar social da poboación. Daquela, o patrimonio natural e cultural preséntase como o cerne de tal desenvolvemento baseado na explotación duradeira e respectuosa dos recursos, do que poidan xurdir actividades profesionais e empresariais que, co apoio da administración, xeren recursos económicos e sociais para a poboación local, máis alá da dependencia de subvención.

Velaquí algúns exemplos:

- **Producción de carne de calidad, sexa a modo de gandería extensiva ou mixta**
- **Potenciación da actividade agrícola mediante a recuperación e posta en valor dos campos de cultivo**
- **Novas estratexias de producción forestal:**

- a. Ordenación, explotación e xestión das superficies forestais co obxectivo de producir especies de calidad.
- b. Apoyo á creación de empresas do sector forestal ligadas a esta actividade
- c. Introdución das innovacións no procesamento da madeira co fin de obter maior valor engadido
- d. Ligado á explotación do bosque, utilización dos restos e descartes -do procesado e do manexo- para a fabricación de madeira para combustible (pellets e leña).

- **Desenvolvemento dunha estratexia de ecoturismo:** natureza e patrimonio etnográfico, agroturismo, sendeirismo, rutas a cabalo, etc.
- **Posta en valor de vivendas rurais como aloxamento ligado ao ecoturismo.**
- **Impulsar a creación de empresas de servizos agroforestais para dar servizo á Administración Autonómica en tarefas de conservación da natureza e do patrimonio,** aproveitando as vantaxes que supón a localización de boa parte do concello na Rede Natura.

En definitiva, definir un **plan de desenvolvemento socioeconómico** en torno ao medio natural e os seus recursos, para o que as administracións públicas e a propia vontade local, sexan quen de fomentar o **cooperativismo agrario e empresarial** para a consecución de tales obxectivos.

Actualmente a administración autonómica está considerando a posibilidade de ampliar o LIC á Serra do Suído e o Coto de Eiras, ou mesmo, definila como LIC de seu.

